



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE MARZO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce e trinta horas do día dez de marzo do ano dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. **Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Dase conta da proposta da Oficina Municipal de Información Xuvenil da Guarda para a realización dos cursos de inglés e portugués durante os meses de marzo e abril cunhas cuotas de participación de 20 euros/persoa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta proposta así como os prezos.

Dase conta do escrito RE 1.116 de data 3 de marzo de 2014 remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA comunicando que no BOP núm. 38 de 25 de febreiro de 2014 foron publicadas as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan de Emprego 2014 con destino á contratación de persoas desempregadas maiores de 30 anos.

A Xunta de Goberno Local acorda acollerse a esta subvención.

Dase conta do informe da Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello da Guarda relativo ó erro na cobranza das cotas do SAF ó usuario L.F.B.P.

A Xunta de Goberno Local, de acordo con dito informe, acorda non pasarlle a cobro novas cotas ata que se cancele o saldo ó seu favor.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de FEBREIRO de 2014 cuido importe total ascende a cantidade de 718,68 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de FEBREIRO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 5 de marzo de 2014 comunicando a sentenza ditada o 30 de xaneiro de 2014 pola Sala do Contencioso-administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4509/2013 entablado polo Concello da Guarda contra a sentenza ditada o 2 de setembro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 425/12 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra o acordo da Xunta de Goberno Local de A Guarda do 23 de outubro de 2012 que acordou rechazar a petición formulada polo recurrente mediante escritos de dtas 25 de xuño de 2008 e 24 de setembro de 2012 por falta de lexitimación activa por exercizo abusivo da acción pública, resultando que tales denuncias se referían ás obras que realizaba D. Basilio Vicente Santiago no número 87 da rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido de dita sentenza e acorda:

a) que, en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra o día 2 de setembro de 2013 no procedemento ordinario nº 425/2012 entabaldo polo Sr. Abeleira Cabaleiro contra o acordo de data 23 de outubro de 2013, confirmada en apelación por setenza do TSXG o 30 de xaneiro de 2014, PROCEDE ACEPTAR A ANULACIÓN DO ACORDO DE 22 DE OUTUBRO DE 2013 decretada por tales sentencias e, consecuentemente, rexeitar as denuncias plantexadas polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de datas 25/06/2008 e 24/09/2012 contra as obras que se estaban a realizar no nº 87 da Avda de Galicia por non existir obrigación de reposición da legalidade urbanística respecto a tales obras denunciadas, xa que, segundo actas do arquitecto municipal de datas 20/09/2012 e 03/10/2012 as obras denunciadas axústanse á licenza concedida polo Concello o 22/06/2012, o que determina ademáis que tales denuncias se rexeiten pola falta de lexitimación activa de D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro polo exercizo abusivo da acción pública que resulta acreditado no expediente tramitado neste Concello respecto o citado Sr. Abeleira.

b) que se notifique este acordo ó Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra e ao Sr. Abeleira con expresión dos recursos procedentes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 1.109 de data 3 de marzo de 2014, presentado por D. ELOY GONZÁLEZ VICENTE, con enderezo na rúa Brasil, nº 17 da Guarda, solicitando que fagan as xestións pertinentes para subsanar os erros relativos a nomes de rúas do google maps. Asimesmo solicita que se coloque unha placa identificativa na rúa Brasil no entronque coa rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello xa está resolvendo o problema con google maps. Respecto da placa identificativa, se farán as xestións oportunas para colocala.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 7 de febreiro de 2013 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de J.M.M.V..

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda denegar esta solicitude.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 26 de febreiro de 2013 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de C.C.V.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder a dita solicitude.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 9 de decembro de 2013 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de J.F.A..

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder a dita solicitude.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 26 de marzo de 2013 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de F.R.G..

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder a dita solicitude.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 15 de decembro de 2011 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de J.L.A..

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder a dita solicitude.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 25 de marzo de 2013 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de J.V.A..

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder a dita solicitude.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 20 de febreiro de 2014 relativo á solicitude de alta no Servizo de Axuda no Fogar de S.M.P..

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda denegar esta solicitude.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 20 de febreiro de 2014 relativo á solicitude de exención da cota da matrícula da Escola Infantil Municipal de C.P.P.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder a dita solicitude.

Dáse conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 26 de febreiro de 2014
B.V.L.	30 h/mensuais

PUNTO 2.- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal e conformidade do Asesor xurídico, co orzamento fixado por aquel e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A DNA. SUEVIA DA SILVA ADROVER, R.E. Nº 6.706 DE 11 DE DECEMBRO DE 2013 PARA "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE PERRUQUERÍA DE DONAS" SITO NA RÚA DE CALVARIO Nº. 25-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".

A GONZALAGO, S.L., R.E. Nº 6.680 DE 10 DE DECEMBRO DE 2013 PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE ACADEMIA DE FORMACIÓN", SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 2-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO".



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Neste momento abandona a sesión a Sra. Magallanes Álvarez.

A D. ROGELIO BAZ MARIÑO, R.E. Nº 6.686 DE 10 DE DECEMBRO DE 2013 PARAREFORMA DE 2 MUROS DE PECHE DE MAMPOSTERÍA CONTRA LINDEIROS NA FINCA SITUADA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 211, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.):

-MURO SITUADO NA ZONA LESTE DO TERREO (LONXITUDE 15 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,50 MTS.).

-MURO SITUADO NA ZONA NORTE DO TERREO (LONXITUDE 11 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,50 MTS.).

Incorpórase a sesión a Sra. Magallanes Álvarez.

A IRENE VILAVEDRA CERQUEIRA R.E. Nº 6.465 DE 27 DE NOVEMBRO DE 2013 PARA PECHE DE FINCA FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 47,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. REALIZADO CON BLOQUES DE CEMENTO, E CONSTRUCCIÓN DUN CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M². REALIZADO CON BLOQUES DE CEMENTO REVESTIDO E CUBERTO CON CHAPAS DE URALITA E TELLA DO PAIS, SITO NA RÚA DE 1º TRV. DE CORUTO VELLO, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A. ANTONIO VASCONCELLOS ALVAREZ, R.E. Nº 6.700 DE 11 DE DECEMBRO DE 2013 PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 110,00 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA MIXTA, COLOCACIÓN DE PLANCHAS DE FIBROCEMENTO SOBRE BARDOS EXISTENTES E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE ALOQUEIRO Nº. 2, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A ANTONIA BAZ GOMEZ, R.E. Nº 5.996 de 5 DE NOVEMBRO DE 2013 PARA REPARACIÓN DE 4 BAÑOS COMPLETOS EN HABITACIÓNS, REVISIÓN E MANTEMENTO DE INSTALACIÓN DE CALEFACIÓ E AIRE ACONDICIONADO, E PINTADO XERAL DE HABITACIÓNS E ZONAS COMÚNS DO HOTEL CONVENTO SAN BIEITO, SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL, S/N., EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A JOSE MANUEL RENDA ALVAREZ, R.E. Nº 5.009 DE 17 DE SETEMBRO DE 2013 PARA PECHE DE PARCELA CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 3,00 MTS., REALIZADO CON BLOQUES DE CEMENTO, SITO NA RÚA DE 3º TRV. A CRUZ Nº. 24, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. JOSÉ MARIANO GARCIA MISA (RE 6.245 de 15/11/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR CATEGORÍA ESPECIAL (EPIG. 673.1) situado na rúa de Ourense, nº 10-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, AA. PP e Xustiza, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JOSE MARIANO GARCIA MISA licenza municipal nº 5/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR CATEGORÍA ESPECIAL (Epíg. 673.1) situado na rúa de Ourense, nº 10-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por TOCADOS, C.B. (RE 6.808 de 17/12/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS NOUTROS LOCAIS (EPIG. 662.2) situado na rúa de Ireira, nº 4-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a TOCADOS, C.B. licenza municipal nº 6/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CALSE DE ARTIGOS NOUTROS LOCAIS (Epíg. 662.2) situado na rúa de Ireira, nº 4-baixo da Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D^a. MARIA EMILIA VICENTE GOYÁS (RE 6.970 de 30.12.2013), para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) sito na rúa do Porto, nº 29-baixo que antes figuraba a nome de ELIDIO MAGALLANES RODRIGUEZ.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D^a. MARIA EMILIA VICENTE GOYÁS cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de ELIDIO MAGALLANES RODRIGUEZ para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) sito na rúa do Porto, nº 29-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D. JULIO MANUEL SOTO GONZÁLEZ (RE 546 de 03.02.2014), para o local dedicado a actividade de CAFÉ BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Colón, nº 2-baixo que antes figuraba a nome de SIMÓN UBEIRA ACUÑA.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. JULIO MANUEL SOTO GONZÁLEZ cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de SIMÓN UBEIRA ACUÑA para o local dedicado a actividade de CAFÉ BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Colón, nº 2-baixo de A Guarda.

Sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.